



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE DECEMBRO DE 2019.

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e sete minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil dezanove, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a. MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D. DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA
D. ALFONSO RICO VEREA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA (que se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta)
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro, e da fe do acto a secretaria xeral accidental do Concello, dona María de las Nieves Fuentes Bermejo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 19/12/2019

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, de 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión celebrada en data 19/12/2019, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión celebrada en data 19/12/2019, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes presentes na sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 19/12/2019.

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A APROBACIÓN DO PROXECTO CORREXIDO DENOMINADO “PARQUE INFANTIL NA ÁREA DE LECER DE A CORVEIRA”.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2019, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal na sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2019, que literalmente di:

“O Pleno Municipal en sesión de 11/09/2019, aprobou o inclusión da obra de “Parque infantil na área de lecer de A Corveira”, por importe de 446.812,11 €, na fase 1 do Plan adicional, ao plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS POS+ 2019)

Con data 08/11/2019, a través da plataforma SUBTEL da Deputación Provincial, requisiuse ao Concello para que subsane:

“-O importe do estudo de xestión de refugallos que figura no punto 9 ORZAMENTO do anexo 10 XESTIÓN DE RESIDUOS non é coincidente co indicado no ORZAMENTO EXECUCIÓN POR CONTRATA do proxecto.

“-En relación coa xustificación de prezos do proxecto e o cumprimento do artigo 102.3 da Lei 9/2017 considérase que os prezos unitarios de peón especialista, peón, peón ordinario construción, peón especializado construción e oficial 1ª construción non se axustan o estipulado no convenio de aplicación, polo que deberán axustarse.

“-As prescricións técnicas non deben facer referencia a unha fabricación ou procedencia determinada Deberán eliminarse a referencia concreta a marcas comerciais e/ou modelos concretos cumprindo o establecido no artigo 126.6 da Lei 9/2017 e apartado 5.B.2.j) das bases do POS+2019. Figuran marcas e modelos concretos en distintos elementos do proxecto: páxinas 23 e 24, fichas técnicas (anexo 9), así como na definición das partidas 1.3.1 subministración de Tirolesa e partida 2.3.1 Instalación de combinación de redes. Do mesmo xeito no prego de prescricións técnicas particulares figuran marcas e modelos comerciais nas condicións da tirolesa e xogo de combinación de redes.

“-No prego de prescricións técnicas particulares figura no seu apartado de actividades previas (px.313) a referencia a “retirada de elementos que conforman o parque infantil existente” que non se atopan valoradas no orzamento

O concello deberá aprobar o proxecto corrixido polo órgano competente e volvelo a subir integramente á plataforma .“

Pola técnica redactora do proxecto, procedeseuse a súa corrección. Con data 11/12/2019, polo técnico municipal emitíuse informe de supervisión no que conclúe que compe con todos os requisitos tanto técnicos como legais, para a súa aprobación e posterior execución.

Polo que se eleva o Pleno a seguinte proposta:



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto correxido denominado "Parque infantil na área de lecer de A Corveira", por importe de 446.812,11 €, COVE: 571Q 5W6Z 1869 0J1U 0FJE."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que a proposta que se debate neste punto refírese a un asunto que xa foi debatido e aprobado na sesión plenaria de data 11 de setembro de 2019, a obra do parque infantil na área de lecer da Corveira, pero agora desde a Deputación solicitan que se fagan unhas correccións de tipo formal en relación co axuste de determinadas cuantías e a retirada no prego de prescricións técnicas de calquera referencia a ningún tipo de marca comercial ou modelo concreto, presentándose xa a modificación solicitada e sendo o proxecto correxido informado favorablemente polo técnico municipal quen concluíu que cumpre con todos os requisitos tanto técnicos como legais para a súa aprobación e posterior execución.

(neste momento incorpórase á sesión o Sr. concelleiro don Eduardo José Mourelle Botana)

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere xustificar o seu voto en contra pois no seu día, como vén de dicir o voceiro socialista, xa se tramitou esta cuestión e hai que recordar que naquel momento pedíanse á Deputación cincocentos mil euros para financiamento de obras e servizos municipais e deles catrocentos cincuenta mil dedicábanse a unha soa obra, dicindo nese momento e mantendo agora que en Culleredo hai necesidades básicas sen cubrir pois hai que completar redes de saneamento, hai camiños veciñais destrozados, hai beirarrúas sen facer, rúas sen humanizar, etc; que hai uns días celebraron o pleno do POS e foi o último día do prazo como sempre mal e sen tempo de ver os proxectos con calma e agora hai que traer correccións; que tamén hai uns días, tratando a Conta Xeral, viuse que o sesenta e cinco por cento da contratación ía ao marxe das contratacións legais polo que habería que pararse a planificar que se vai facer cos fondos públicos e como se vai construír o municipio pois destinar 450.000 euros de 500.000 a unha soa obra é un erro manifesto polo que, coherentemente co que votaron na sesión de setembro, nesta tamén van votar en contra.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o seu grupo vai votar tamén en contra desta proposta tal como fixeron na sesión plenaria do mes de setembro porque vai en contra do que queren os veciños e hai rexistradas firmas suficientes dicindo que non están a favor de que se faga esa obra nesa zona e porque lle parece dun importe desproporcionado, pensando ademais que hai outras necesidades máis importantes para a veciñanza e que si son de competencia exclusiva municipal para investir este diñeiro e non nunha obra faraónica nesa zona.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 11 de decembro de 2019 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, educación e medio rural de data 17 de decembro de 2019, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración electrónica, participación cidadá, educación e medio rural na sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2019, que literalmente di:

“PROPOSTA – NOMEAMENTO REPRESENTANTES NO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

Segundo o recollido no artigo 16.b da Lei 3/86, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia e no artigo 34.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, correspóndelle á corporación municipal nomear a dez membros elixidos entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños.

No artigo 3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, publicado no BOP nº 60 do día 14 de marzo de 2009, establécese que ao constituírense unha nova Corporación, cesarán os dez concelleiros elixidos pola anterior.

Por todo isto,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

1. Tomar nota das baixas como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, das seguintes persoas:
 - Dª Silvia Neira Martínez (elixida pola Corporación, directores)
 - Dª Carmen Rodríguez –Trelles Astruga (elixida pola Corporación, directores)
 - D. Juan José Platas Freire (elixido pola Corporación, directores)
 - D. Julio César Labandeira Sánchez (elixida pola Corporación, directores)
 - D. Miguel Pena Rojas, (elixido pola Corporación, directores)
 - Dª María Vázquez Boquete (elixida pola Corporación; titulares centros privados)
 - Dª. Aida Pérez Barredo (elixida pola Corporación, empresarios/as)
 - Dª. Susana López Bogo (elixida pola Corporación, movementos renovación pedagóxica)
 - D. Vicente Muñoz Hermida (elixido pola Corporación, especialista temas educativos)
 - D. Pablo Bouza Suárez (elixido pola Corporación, especialista temas educativos)
2. Nomear como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, de acordo co artigo 3 do seu Regulamento, ás seguintes persoas:



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

- D^a Silvia Neira Martínez (directores)
- D^a Carmen Rodríguez –Trelles Astruga (directores)
- D. Pablo Bouza Suárez (especialista educación)
- D^a Carmen M^a Veira Baldomir (especialista educación)
- D. Miguel Pena Rojas (directores)
- D. Juan José Platas Freire (directores)
- D^a. Susana López Bogo (movimientos renovación pedagóxica)
- D^a. Pilar Castiñeira Chamorro (asociacións)
- D^a Nieves Alonso Campos (titulares centros privados)
- D. Vicente Muñoz Hermida (directores)”

C.I.F. P-1503100-H

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que por fin vén a renovación do Consello escolar municipal e que se ao equipo de goberno lle preocupara un mínimo a Educación pública de calidade de Culleredo debería estar feito fai meses; que aínda así seguen mantendo que, mentres non se renoven os membros, que cre son tres de sete, o Consello existente é plenamente válido polo que non habería ningún problema para reunilo con todos os problemas existentes traendo hoxe aquí en puntos posteriores algúns deles e sendo inexplicable que non se tivera renovado e reunido xa pois é preceptivo e podería terse feito hai xa meses.

Responde o Sr. Alcalde e di que o equipo de goberno cumpre escrupulosamente coa normativa ao respecto e co regulamento estipulado, non permitindo desde Secretaría facelo ata que estivera conformada a nova Corporación

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, educación e medio rural de data 17 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, educación e medio rural de data 17 de decembro de 2019 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DA ADMINISTRACIÓN NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

CONXUNTA-FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL; MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN-FUNCIONARIOS; E COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO DO CONCELLO DE CULLEREDO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da proposición da Alcaldía, de data 19 de decembro de 2019, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada proposición, que literalmente di:

“PROPOSTA

O Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado público regula no capítulo IV do título III o dereito á negociación colectiva.

No seu artigo 36 (Mesas xerais de negociación), o citado Real decreto lexislativo 5/2015 establece que para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral, constituírase en cada entidade local unha mesa xeral de negociación.

Por outra parte, o artigo 34 (Mesas de negociación) do mesmo Real decreto lexislativo 5/2015, dispón que aos efectos da negociación colectiva dos funcionarios públicos, constituírase unha Mesa xeral de negociación en cada unha das entidades Locais.

Por último, o artigo 32 (Negociación colectiva, representación e participación do persoal laboral) do citado Real decreto lexislativo 5/2015, establece que a negociación colectiva dos empregados públicos con contrato laboral rexerese pola lexislación laboral, sin prexuício dos preceptos deste Capítulo que expresamente lles son de aplicación.

Na lexislación laboral régulase a negociación colectiva no Título III do Real decreto lexislativo 5/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. No artigo 87 deste título, establece que en representación dos empresarios estarán lexitimados para negociar nos convenios de empresa ou ámbito inferior, o propio empresario.

O día 15 de xuño de 2019 quedou constituída a nova corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019.

De acordo cos antecedentes e consideracións expostos, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Designar como representantes da administración na Mesa xeral de negociación conxunta-funcionarios e persoal laboral; Mesa xeral de negociación-funcionarios; e Comisión negociadora do Convenio colectivo do Concello de Culleredo, aos seguintes membros da corporación:

Titulares:

- José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente.
- Marta María Figueroa Fuentes, concelleira delegada de Seguridade cidadá e Persoal.
- Marta María Iglesias Becerra, concelleira da área de facenda, patrimonio e administración electrónica.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

Suplentes:

- María Guadalupe Pombo Carril, primeira tenente de alcalde.
- Diego Antonio Taibo Monelos, segundo tenente de alcalde.
- Yéssica Méndez Sánchez, sétima tenente de alcalde.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 19 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Votos en contra: ningún

Abstencións: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 19 de decembro de 2019 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

5.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG RELATIVA A DEMANDA Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE NON ELIMINE O BACHARELATO DA UNIVERSIDADE LABORAL.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do BNG de data 20 de decembro de 2019 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, concelleiro e voceiro municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta para o seu debate en Pleno a seguinte

Proposta para demandar da Xunta que non elimine o bacharelato da Universidade Laboral

A Xunta de Galiza, a través da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, ven de trasladar a súa intención de eliminar o bacharelato da Universidade Laboral para o próximo curso.

Esta eliminación implicaría a finalización dunha excelente traxectoria da sección dun centro que se fixo un nome ao longo dos anos con esforzo e traballo ben feito e tamén a acumulación dunhas instalacións que poden presumir de cumprir as esixencias do art. 26 do Real Decreto 1004/1991, sen par noutros centros de Culleredo. E que conta con



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

recursos para impartir máis liñas de bacharelato, ampliando así a súa oferta de especialidades, de forma que incremente os servizos que xa presta a toda a comarca e máis alá das Mariñas.

Os laboratorios, esixidos por Lei, contan con aula anexa, o que permite unha dinámica didáctica excelente. A biblioteca conta cun apartado de traballo en equipo.

As aulas teñen un tamaño que envidian profesores doutros centros.

O alumnado que hai alí, elixiu o centro libremente, algúns proceden dos centros da ESO de Culleredo elixindo cambiarse de centro co cambio de ciclo malia poder ter seguido no centro no que cursaron a ESO. O incremento de matrícula no primeiro curso foi do 300% respecto ao anterior.

Ademais, e por se fora pouco o anterior, a eliminación de bacharelato, segundo o plan da Consellería, supoñería o traslado ao edificio das Mariñas, que alberga as instalacións de Marítimo-Pesqueira para deixarlle o sitio ao que se pretende facer. As instalacións de Marítimo-Pesqueira, teñen unhas equipacións moi especiais, nas que se formaron os patróns e motoristas de toda a Costa da Morte entre outras zonas de tradición pesqueira. É incerto como pasarían a ser, despois do traslado, e é unha falacia que o edificio estea "valeiro" como se transmitiu á opinión pública. Trátase dunha especialidade a manter e reforzar para dar alento a un sector económico estratéxico do país.

En resumo, están propoñendo desmontar unhas instalacións que funcionan e cumpren os requisitos legais, para un destino incerto. E pretenden mover o módulo de Marítimo Pesqueira desde unhas instalacións valiosísimas a unhas inadecuadas.

C.I.F. P-1503100-H

Culleredo é un concello de 30.000 habitantes limítrofe coa cidade da Coruña. É un concello que medrou demograficamente desde os anos 80 nos que tiña 13000 habitantes ata a actualidade no que segue medrando, por natalidade e por recepción de inmigración, da cidade, do país e do exterior. O proxecto do PXOM contempla que Culleredo medre varios miles de habitantes. Precisamos máis centros, non eliminalos.

Os datos demográficos do IGE desminten a outra gran falacia. Que estamos diante dun "pico" demográfico. Seica o incremento demográfico é coma unha maldición para unha Xunta de Galiza que non é quen de desenvolver a oferta de servizos precisa para invertir a tendencia de declive demográfico do conxunto do país e de case totalidade dos municipios.

Por todo o anterior, queremos propoñer ao Pleno da Corporación, para o seu debate e se procede, aprobación,

- a esixencia á Xunta de Galiza, do cese na proposta de eliminación do Bacharelato na Universidade Laboral.
- Que se proceda a equipar os IES das instalacións necesarias establecidas por Lei para dar cobertura a todo o alumnado actual e previsto para o futuro.
- Que se dote á zona rural de Culleredo dun centro que imparta a ESO."

A continuación o Sr. Alcalde, antes de abrir a quenda de intervencións, dalle a palabra ás persoas, estudantes da Universidade Laboral, que solicitaron intervir no pleno pedíndolle que se identifiquen co seu DNI.

De seguido a secretaria do pleno identifica ás persoas representantes da Universidade Laboral que resultan ser dona Lucía Carballeira Fernández, con DNI ***4604** e Alberto Souto Varela, con DNI ***7051** e o Sr. Alcalde-Presidente lles dá a palabra.



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

Seguidamente dona Lucía Carballeira Fernández, facendo uso da palabra concedida, di que ela e o seu compañeiro veñen ao pleno a falar no seu nome e no nome de todos os seus compañeiros, comezando por remarcar que se esta medida sae adiante alumnos do bacharelato que estarían situados en Mariñas estarían mal atendidos pois estarían situados nun edificio alleo as propias instalacións do centro, o que reduciría as súas posibilidades de acceder a Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos, Concellería, Biblioteca, Cafetería, Ximnasio, sempre que quixeran ou necesitaran e non so iso senón que tamén perderían tempo de clase pois aínda que digan que a distancia entre un centro e outro é mínima os profesores terían que desprazarse do centro onde está situada a ESO ata o centro onde estaría situado o bacharelato, sendo un tempo que nin os alumnos da ESO nin os de Bacharelato poden perder pero sobre todo os alumnos que pasan a 2º de bacharelato sairían moi prexudicados pois é un ano no que hai que prepararse para un abau e todo o tempo que se perda nesas clases, dado que van contra o reloxo, supón un obstáculo moi grande para eles.

A continuación fai uso da palabra don Alberto Souto Varela e di que, retomando o argumento da súa compañeira, di que os laboratorios da Laboral son laboratorios que contan cun material especializado, cun material increíble, moi extensos, moi grandes, e moi preparados para impartir todo o que se imparte neles; que esa é unha das razóns do seu disgusto, sendo outras por exemplo a perda doutras actividades fóra dos libros de texto como poden ser o clube de cine ou ou clube de lectura ou o english coffee onde se aprende inglés con nativos ou o voluntariado da biblioteca, perdendo tamén cousas os alumnos do bacharelato de transporte marítimo e pesca de altura que están situados no edificio ao que pretenden trasladalos e que contan cun simulador, unha piscina de prácticas que lles outorga o certificado para poder embarcar e con moitísimos instrumentos e instalacións para levar a cabo as prácticas que inclúe o seu ciclo; que os alumnos de bacharelato están moi influenciados polos ciclos, aos que xa non ven como algo inferior, senón como algo que serve, algo moi práctico e moi bo para alumnos que non desexan estudar unha carreira universitaria e optan por saír ao mercado laboral antes, creándose un ambiente preuniversitario, unha atmosfera na que todos conviven e todos aprenden de todos que se debe conservar.

De seguido fai uso da palabra dona Lucía Carballeira Fernández e di que esta non é a única razón beneficiosa que ten ter nun mesmo centro bacharelato e FP porque grazas á unión destes dous niveis de estudos na Laboral leváronse a cabo uns talleres que obtiveron dous premios a nivel nacional polas boas prácticas educativas; que os queren botar dun centro que ten as mellores prácticas educativas de toda España e iso é grazas á mestura de bacharelato e FP porque aínda que se diga que quitando bacharelato a Laboral pasaría a ser un centro de referencia de FP, o certo é que A Laboral xa neste momento é un centro de referencia, de bacharelato e de FP, e grazas á Laboral Culleredo é un referente a nivel Galicia, e que todo isto perderíase se se perde o bacharelato na Laboral.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere felicitar aos alumnos que acaban de intervir por delegación da AMPA e felicitar a toda a Corporación por poder contar coa súa opinión pois é moi importante contar coa participación veciñal dos colectivos afectados antes de tomar decisións; que tras escoitar esta preocupación dos alumnos a Corporación debe facer unha proxección de futuro e este é o motivo de que o seu grupo traia esta proposta, procedendo a continuación á lectura da mesma.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que antes de nada quere felicitar aos alumnos da Laboral que foron capaces de ir defender as súas propostas, comprometéndose desde o Partido Popular a mediar coa xefatura, que lles dixo na última reunión que tiveron que tras as vacacións terían unha reunión co alumnado para explicar como quedaría todo o relativo a esta cuestión e aclarar as dúbidas que puidera ter; que neste pleno preséntanse dúas mocións en materia educativa, nacendo unha delas con vocación de ser institucional e está presidida por todos os grupos municipais co obxecto de trasladar á administración educativa a necesidade de planificar a construción dun IES na zona do rural e que se materialice coa aprobación do novo plan xeral o crecemento de habitantes desta zona; que a outra moción céntrase en reordenar o mapa escolar, concretamente dos centros onde se debe impartir o bacharelato e que foi adoptada

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

como consecuencia dun amplo consenso da comunidade educativa nesta materia; que a moción que se debate cuestiona unha decisión que xa foi amplamente consensuada tanto polos técnicos da xefatura territorial como polos directores dos distintos centros implicados e agora, unha vez que se alcanzan estes acordos coa maioría das AMPAs existentes nestes centros educativos, con excepción da Universidade Laboral, preténdese cuestionar con esta moción esquecendo que foi obxecto dunha análise concienzuda sobre a súa viabilidade, a súa necesidade e a súa oportunidade sobre tres grandes obxectivos como son a optimización dos recursos existentes, unha mellora da calidade educativa e un maior alcance social da medida; que por estas circunstancias, o grupo Popular, con carácter previo a debatir o fondo da moción, solicita a retirada da mesma polo motivo de que esta moción toma partido por unha minoría fronte ao consenso maioritario da comunidade educativa deste punto en concreto e porque o seu debate debe estar á altura dos consensos alcanzados porque ademais pode impedir que a segunda moción, que si é importante se declare como declaración institucional, poida ser votada favorablemente polo Partido Popular e non tendo dúbidas de que o Bloque Nacionalista Galego comprenderá os motivos de fondo que con esta moción partidista impediría que se poida alcanzar a unanimidade da seguinte se non se retira esta.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que nun país democrático non sería preciso a mediación de intermediarios para conseguir unha cita que a AMPA da Laboral ten pedido desde hai moito tempo e que non debería ser necesario “un enchufe” para ter unha reunión con quen debe facilitar a tramitación destas cuestións; que sobre o carácter amplamente consensuado do que falou a Sra. Gorostizu na súa intervención, di que é moi cuestionado porque entre outras cousas o BNG leva moito tempo pedindo que se reúna o CEM, o Consello Escolar Municipal, que é quen ten a competencia para informar, asesorar e consultar a estes efectos e ese organismo oficial non se convocou, polo que non entenden que se fale dunha decisión amplamente consensuada; que lle gustaría saber cales foron as alternativas ofrecidas porque entre esto e o caos é moi posible que a xente non elixira o caos e que foi o Partido Popular o que propiciou esta situación seguramente coa idea de chegar a esta solución e de chegar a un punto de non retorno.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que outra cuestión que o seu grupo pon en tea de xuízo é que isto sexa froito dunha análise concienzuda; que fai uns días representantes dos catro grupos municipais acudiron a unha reunión co xefe territorial de Educación e el agardaba que lle amosaran algo máis que unha exposición de motivos verbal porque en ningún momento se lles ensinou un proxecto que indicara como se pretende realizar o proxecto de traslado de marítimo-pesqueira e moito menos de como quedaría ese edificio na suposta habilitación para o bacharelato; que si se dixo que ía ser moito mellor pero eles xa están acostumbrados a este tipo de palabras que ás veces non se cumpren polo que non van retirar a súa moción e a van someter á votación, non entendendo tampouco o tono empregado pola voceira do grupo político Popular na súa intervención, que a el lle resulta un tanto amenazante cando indica que de non retirarse a moción que se presenta neste punto se rompería a unanimidade no seguinte, considerando que cada moción merece o seu propio debate.

De seguido solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que respecto ao comentado polo compañeiro Sr. Chouciño Garrido respecto do Consello Escolar, a súa convocatoria é competencia do Concello e non da Xefatura Territorial, sendo a folla de ruta seguida pola xefatura a contemplada tras reunións con técnicos e con directores estudando unha solución que obtivera o maior consenso posible, sendo as propostas debatidas sobre ESO e bacharelato ampliar as instalacións de Rego de Trabe, todo o bacharelato na Laboral, Rego e Blanco Amor con bacharelato, e FP na Laboral; que esas foron as catro propostas debatidas e que a que obtivo un maior consenso foi deixar o bacharelato en Rego e Blanco Amor.

Solicita a continuación o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que simplemente quere engadir, puntualizar, insistir en que o grupo do BNG dalle validez ao CEM, pedíndolle na reunión ca xefatura territorial que se sumara á petición da comunidade escolar de que se reunira o CEM, e que a comunidade educativa non son só os directores dos centros.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

A continuación fai uso da palabra o alcalde-presidente e di que en primeiro lugar quere felicitar aos participantes neste debate pola súa concreción e claridade na exposición e que o equipo de goberno vaise sumar a esta moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego porque cando as forzas progresistas se unen en materia de Educación as cousas están máis claras que desde outras perspectivas políticas; que quere felicitar á comunidade escolar por unirse a este debate e que desde o Concello solitaron reunións para consensuar diversos temas en materia educativa porque desde o equipo de goberno xa se manifestou que a ampliación pretendida do Rego de Trabe non é viable nos termos en que a administración autonómica o quería facer e que por todo isto ten moita validez esta moción coas peticións e concrecións ás que chegou o grupo político do BNG.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo político do BNG de data 20 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaoto (18), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: tres (3), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

C.I.F. P-1503100-H

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do grupo político do BNG de data 20 de decembro de 2019 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

6.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN RELATIVA A APOIO Á DEMANDA DUN CENTRO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO RURAL.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción asinada polos voceiros dos grupos políticos do PSdeG-PSOE e do BNG de data 20 de decembro de 2019, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCIÓN RELATIVA PARA APOIO Á DEMANDA DUN CENTRO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO RURAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo recibido polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Partido Popular (PP), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Alternativa dos Veciños do Concello de Culleredo, unha demanda efectuada por diferentes familias de distintas parroquias do concello, en relación a unha solicitude para que se tramite unha proposta oficial encamiñada á presentación dunha declaración institucional da corporación municipal de Culleredo refrendando o apoio á demanda de solicitar un centro que impartiría a ESO no rural con forma de CPI (centro público integrado) ou IES, que remataría co agravio comparativo no acceso á educación que supón o afastamento do alumnado rural respecto dos centros de secundaria obrigatoria.

Por todo isto, desde a corporación municipal de Culleredo elevamos ao Pleno para a súa aprobación, se procede, o seguinte



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

ACORDO

Comunicar á Xunta de Galicia a total dispoñibilidade do Concello de Culleredo para poñer a disposición da administración autonómica competente en materia educativa, os terreos necesarios para a construción dun centro educativo na zona rural, tendo en conta a dispoñibilidade e aplicación da correspondente normativa urbanística, atendendo ás necesidades educativas e ás características da poboación e cumprindo os requisitos mínimos onde as instalacións se axusten ao previsto no Real Decreto 1004/1991 de 14 de xuño."

A continuación o Sr. Alcalde-Presidente fai uso da palabra e di que hai unha solicitude da Asociación Cultural e Veciñal de Orro e que se atopa no salón de sesións o seu Presidente, don Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez, ao que invita a facer uso da palabra e presentar a súa solicitude.

De seguido a secretaria do pleno identifica á persoa que di ser presidente da Asociación de Veciños de Orro, don Xabier Fernández-Villarrenaga Vázquez, con DNI ***1967** e o Sr. Alcalde-Presidente lle dá a palabra.

Seguidamente o Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez, facendo uso da palabra concedida, di que en primeiro lugar quere ler un artigo da LOMCE (Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), denominada popularmente como «**ley Wert**», que no seu punto 1.b) di: «b) A equidade, que garante a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, a inclusión educativa, a igualdade de dereitos e oportunidades que axuden a superar calquera discriminación e a accesibilidade universal á educación, e que actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que se deriven de calquer tipo de discapacidade."

Continúa a súa intervención o Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez e di que máis aló de calquera cifra que se poida barallar nesta solicitude, pois leva moitas escoitadas, este movemento sae a partir dun agravio comparativo que se produce nun acceso á educación por outro lado obrigatoria pois un cativo de 12 anos ten que saír ás sete da casa para estar ás oito e media no seu instituto; que segundo a tese de doutoramento da doutora Pilar Morandeira Roel a paixase xeográfica supón un elemento clave na construción do éxito escolar, demostrando esta doutora que a realidade galega e a consecución de títulos académicos e o éxito escolar vese negativamente influído pola distancia ao centro escolar, revelando os datos desta tese mellores resultados canto máis próximo é o centro a favor do estudante; que por outro lado existe un estudo técnico elaborado polo Concello de Culleredo que conclúe que un centro no rural para secundaria é pertinente e viable en canto á matriculación, sinalando por riba que como primeira opción a opción do CPI; que a creación dun centro de secundaria no rural facilitaría de facto unha solución para a zona urbana porque dado que o desprazamento do alumnado do rural desde o centro urbano á súa contorna liberaría prazas dabondo como para que os centros educativos de secundaria da zona urbana puideran asumir a demanda nesta etapa mantendo o seu status quo, é dicir, o IES Blanco Amor con bacharelato e ESO, o Rego de Trabe con bacharelato e ESO e a Universidade Laboral con bacharelato e ciclos formativos.

Segue a súa intervención o Sr. Fernández-Villarrenaga Vázquez e di que con respecto do acordo que se presenta neste punto botan en falta que se achegue o estudo técnico que apoie a súa demanda, concluíndo a pertinencia da creación dun centro de secundaria no rural dado que a Xunta mantén a non viabilidade do centro; que entenden que achegar os datos de primeira man da realidade do Concello supón un valor engadido na demanda pola igualdade no acceso á educación porque a Xunta só traballa con números de matrícula e obvia de maneira sistemática o potencial de crecemento deste Concello que, se non se equivoca, está establecido pola propia Xunta en 7.000 persoas nun prazo de 7 anos aproximadamente, aparte do posible aluvián inmigrante que poida ter, non recollendo tampouco a opción dun CPI, deixando isto só na exposición de motivos polo que o acordo só reflicte a posibilidade de creación dun IES; que esta ausencia importante resulta prexudicial e debilita a posibilidade dunha pronta solución ao problema que a Educación ten hoxe por hoxe no Concello.

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

De seguido fai uso da palabra o alcalde-presidente e di que por parte do Concello non hai ningún informe oficial ao respecto e que o que din os técnicos municipais e a propia concelleira de Educación é que o instituto, dado o crecemento previsto de alumnado no futuro, sería viable facelo no entorno rural; que ademais das conversas mantidas con alcaldes de Cambre, Cerceda, e o propio ex-alcalde de Carral, tendo pendente unha conversa co actual alcalde, no sentido de que se houbera que unificar esforzos e se puidera facer ese instituto o Concello de Culleredo ten terreos que se poderían destinar a este fin como zonas contiguas ao colexio de Tarrío e outras zonas rurais declaradas como rústicas susceptibles de construír un CPI destas características ou instituto como se queira denominar neste momento; que os informes como tal non existen e o que se vai facer é oficializar un informe de escolarización en todo o Concello que a priori, cos datos que hai actualmente, non son todo o xenerosos que o equipo de goberno desexa pero se se dá o crecemento previsto e se aproba o Plan Xeral cunha poboación que rondaría os 40.000 habitantes se estaría en condicións de programar este instituto e calquera que estivera ao fronte da Corporación, acolléndose a este compromiso, podería reclamar a construción do instituto no rural.

Continúa a súa intervención o Sr. Alcalde-Presidente e di que se todos os grupos están de acordo pódese declarar institucional esta moción, preguntándolle a todos a súa opinión e respondendo afirmativamente todos os grupos.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo desexa incluír un parágrafo nesta declaración institucional.

Responde o Sr. Alcalde que se trata dunha declaración institucional na que non se deben incluír novos parágrafos que desvirtuarían o sentido da moción, procedendo a continuación coa lectura da mesma coa emenda de incluír a todos os grupos municipais no segundo parágrafo como propoñentes da dita declaración.

A continuación a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada, coa emenda proposta polo Sr. alcalde, resultando aprobada por unanimidade polo que devén en acordo nos seguintes termos:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA APOIO Á DEMANDA DUN CENTRO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA NO RURAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tendo recibido polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Partido Popular (PP), Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Alternativa dos Veciños do Concello de Culleredo, unha demanda efectuada por diferentes familias de distintas parroquias do concello, en relación a unha solicitude para que se tramite unha proposta oficial encamiñada á presentación dunha declaración institucional da corporación municipal de Culleredo refrendando o apoio á demanda de solicitar un centro que impartiría a ESO no rural con forma de CPI (centro público integrado) ou IES, que remataría co agravio comparativo no acceso á educación que supón o afastamento do alumnado rural respecto dos centros de secundaria obrigatoria.

Por todo isto, os distintos grupos políticos que conforman a corporación municipal de Culleredo elevamos ao Pleno para a súa aprobación, se procede, o seguinte

ACORDO

Comunicar á Xunta de Galicia a total dispoñibilidade do Concello de Culleredo para poñer a disposición da administración autonómica competente en materia educativa, os terreos necesarios para a construción dun centro educativo na zona rural, tendo en conta a dispoñibilidade e aplicación da correspondente normativa urbanística, atendendo ás necesidades educativas e ás características da poboación e cumprindo os requisitos mínimos onde as instalacións se axusten ao previsto no Real Decreto 1004/1991 de 14 de xuño.”

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

7.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO POPULAR RELATIVA A REGULARIZACIÓN CONTRACTUAL NA PRESTACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS QUE PROPORCIONA O CONCELLO.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político Popular de data 20 de decembro de 2019, relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade.

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR DE CULLEREDO SOLICITANDO LA REGULARIZACIÓN CONTRACTUAL EN LA PRESTACIÓN DE LOS DISTINTOS SERVICIOS QUE PROPORCIONA EL CONCELLO.

El Grupo Municipal Popular de Culleredo, conforme a lo previsto en e artículo 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La contratación pública de obras, bienes, servicios y suministros es una herramienta propia de las Administraciones Públicas y supone un importante impacto económico, democrático, social y medioambiental en nuestro municipio.

La ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público introduce novedades apostando por el contrato abierto simplificado y con una publicación obligatoria para mejorar la transparencia.

Así pues, la nueva LCSP incorpora el principio de integridad como mecanismo de lucha contra el fraude y la corrupción y traslada la necesidad de adoptar una visión transversal de la contratación pública como instrumento de fomento de las condiciones laborales, sociales y medioambientales así como de innovación y apoyo a los pequeños y medianos empresarios.

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes públicos de esta Corporación y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno de la Corporación, la adopción de los siguientes:

ACUERDOS

1.- Regularizar la situación de todos aquellos servicios que se están prestando sin contrato y que todos los meses llevan asociados los correspondientes reparos de intervención: agua, ayuda a domicilio, limpieza, ...

Ya que con el levantamiento reiterado de estos reparos

- ESTÁ VULNERANDO DE FORMA REITERADA LA NORMATIVA CONTRACTUAL, es un hecho grave que denota una mala gestión de los recursos públicos
- FAVORECE A DETERMINADAS EMPRESAS EN DETRIMENTO DE OTRAS, ya que no respeta los principios de publicidad, objetividad y concurrencia, como demandan las normas de contratación.

2.- Asimismo, y como tiene pendiente de licitación numerosos servicios, desde el Grupo Municipal Popular le solicitamos para el futuro, la inclusión de cláusulas sociales en los distintos contratos para que se dé preferencia en



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

la contratación a empresas que den trabajo a personas en riesgo de exclusión social, a sectores muy afectados por el desempleo, como los jóvenes, parados, mayores de 45 años y los parados de larga duración.

La generación de empleo es prioritaria en nuestro Ayuntamiento y por ello consideramos necesario que el Ayuntamiento de Culleredo, incluya cláusulas sociales tanto en el objeto de la contratación, como en la fase de ejecución del contrato, exigiendo al adjudicatario que un 30% de personal que ejecute el citado contrato pertenezca a los colectivos más necesitados de empleo, como los desempleados que no perciban ninguna prestación por desempleo, los parados de larga duración y mayores de 45 y los jóvenes menores de 30 años. Todo ello respetando la normativa contractual.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, procede á lectura da moción presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non pode estar máis de acordo e mesmo felicitan ao grupo político Popular por sumarse aos que levan tanto tempo demandando esta cuestión e non se refire só ao grupo do que é voceiro senón tamén a outros como Alternativa que tamén ten falado deste tema e incluso outros grupos que xa non están e que estaban no mandato anterior; que é un auténtico escándalo e que o grupo de goberno ten despreciado sistemáticamente propostas feitas neste sentido polo que o seu grupo agarda pouco do que se poida decidir aquí solicitándolle ao Sr. Alcalde que diga se, por exemplo, hai expediente aberto ao respecto da última aprobación do último mes cando se propuxo que se impulsara e licitara a xestión do servizo de auga potable, non tendo constancia da apertura deste expediente; que se os propoñentes aceptan o grupo do BNG podería engadir outros servizos á lista que eles presentan pois non hai máis que ir á lista de pagos con reparos suspensivos da Intervención na documentación que vén para este Pleno, con centos de miles de euros unha vez máis que son tratados como quen colle cartos dun saco que resulta ser o saco do orzamento municipal para este goberno (xardiñería, asistencia a domicilio, seguros, electricidade, telefonía, consumo de carburantes, etc, etc) con exemplos como servizo domiciliario do mes de agosto 74.000 euros ou servizos sociais 35.000 euros, parques e xardíns 24.000 euros, arranxo dun campo de fútbol dous mil e pico de euros, indo os gastos relativos a subministrados enerxéticos como electricidade de mil en mil ou tres mil en tres mil euros ata sumar 178.000 euros e outros moitos, sumando en total no listado presentado nesta sesión 340.000 euros, e así todos os meses, todo iso a pesar de que consta nota informativa da Secretaría informando desfavorablemente a utilización dos gastos aludindo entre outros motivos a que tratan de gastos periódicos e previsibles; a este respecto existen informes dos órganos de fiscalización externos e órganos consultivos en sentido similar limitando a utilización dos contratos menores só para necesidades excepcionais e concretas, non regulares e periódicas; que estes reparos de Intervención son reparos suspensivos e que o equipo de goberno quexábase reiteradamente de que non ten persoal e o que está facendo con esta forma de actuar é saturar ao persoal con tramitación burocrática para dicir despois que lle poñen reparos, sendo estes reparos sempre levantados pola Alcaldía, algo que pode facer porque así o recolle a lexislación pero convírtese en algo sistemático, algo como “coller cartos de un saco” que é o orzamento municipal que chega case aos 25 millóns de euros, que supoñen cerca de 100.000 euros en 4 anos de mandato; que no informe de 2018 na instrución da Conta Xeral díciase que fóra dos procedementos de contratación o equipo de goberno tramitaba o 66,85%, sen axustarse a ningún sistema de contratación, polo que hai que poñerlle remedio xa se nón como moción doutra forma.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido, di que o certo é que o equipo de goberno non pode estar máis en desacordo co contido da moción que se presenta neste punto porque non responde para nada á realidade da tramitación burocrática, administrativa e procedimental do Concello de Culleredo; que os distintos servizos están en distintas fases de contratación e que os órganos de contratación están traballando a reo para sacar adiante todos os pregos e todos os contratos que se atopan en fase de execución e outros que están pendentes en distintas fases, motivos polos que non poden compartir esta temática de falta de regularización porque este Concello sempre respeta escrupulosamente os

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

distintos mecanismos legais de procedemento en contratación que marca a normativa, sendo certo que a nova Lei de contratos do Estado está a entorpecer e a complicar moitísimo a xestión burocrática dos distintos concellos e non só do de Culleredo senón tamén doutros gobernados polo Bloque ou polo Partido Popular debido a que o exceso de procedemento e de burocracia acarrea sempre unha maior lentitude na tramitación dos procesos de contratación; que o que se pide sobre cláusulas sociais xa aparece impreso e recollido nos pregos de contratación pois xa foron implementadas polo equipo de goberno socialista e por algún outro grupo que formou parte da anterior Corporación.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a cuantía económica das facturas obxecto de reparo lles parece escandaloso e un número excesivamente alto para a xestión dunha Administración, unha barbaridade inxustificable e gravemente criticable; que tamén pon de manifesto as posibles consecuencias legais que podería acarrear esta situación que se vén alongando xa desde fai tempo pola cantidade de servizos que non se consiguen regularizar ou que están pendentes de licitación, podendo ser fraudulenta a continuidade cun único contratista se non se está tramitando un expediente de contratación, o que supón pola súa parte un evidente coñecemento do ilegal da situación e unha mostra da vontade do equipo de goberno de incumplir a Lei; que para o seu grupo esta situación denota unha moi mala xestión dos recursos públicos polo que piden que se cambie a forma de gobernar e se non saben facelo lle di que vaian a unhas pasantías ou se acollan ao servizo da Deputación de axuda aos concellos para que lle axuden a resolver este problema tan grande que neste momento hai.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do grupo político Popular de data 20 de decembro de 2019, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: nove (9), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: doce (12), dos Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal e Amor Fernández.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase non aprobada a proposta do grupo político Popular de data 20 de decembro de 2019.

8.- DACIÓN DE CONTA INFORME SOBRE CONSORCIO AS MARIÑAS.

O Sr. alcalde-presidente dá conta da celebración de sesión extraordinaria do Pleno do Consorcio As Mariñas o pasado día 18 de decembro de 2019, coa seguinte orde do día:

1. Dación de conta das resolucións asinadas pola Presidencia dende o último Pleno.
2. Proposta e aprobación se procede da cota de liquidación pola separación do Concello de Arteixo do Consorcio As Mariñas, segundo o acordado na comisión liquidadora.
3. Proposta e aprobación se procede da liquidación complementaria o Concello de Arteixo.
4. Proposta e aprobación se procede dos orzamentos do Consorcio As Mariñas para o ano 2020.



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

- Proposta e aprobación se procede da tramitación conducente á conversión do Consorcio en Mancomunidade.
- Proposta e aprobación se procede de actuacións para unificación de ordenanzas en martería de resituos urbáns.

9.- DACIÓN DE CONTA INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 20/09/2019 (código de documento UIT1300UU)
- Informe de data 11/10/2019 (código de documento UIT13I00XZ)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012W)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012K)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012M)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012X)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012Y)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012T)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012U)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012V)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012R)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012S)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012H)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012L)
- Informe de data 15/11/2019 (código de documento UIT13I012Q)
- Informe de data 27/11/2019 (código de documento UIT13I014C)
- Informe de data 03/12/2019 (código de documento UIT13I014O)
- Informe de data 04/12/2019 (código de documento UIT13I014T)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I015B)
- Informe de data 10/12/2019 (código de documento UIT13I015F)

C.I.F. P-1503100-H

10.- DACIÓN DE CONTA RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 164 resolucións numeradas da 1927 á 2090 do ano 2019, que se relacionan deseguido:

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1927	20/11/2019	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a M ^a Guadalupe Pombo Carril, os días 25, 26 e 27 de novembro de 2019.	
1928	20/11/2019	Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D. ^a M ^a Gudalupe Pombo Carril, o día 21 de novembro de 2019 de 12.00 a 15.00 horas.	
1929	20/11/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/87. (TERCEIRO: GAL BUS SL - IMPORTE TOTAL: 1417,46€ e máis).	
1930	20/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220190017760). (TERCEIRO: XUNTA DE GALICIA - IMPORTE TOTAL: 459,46€).	
1931	20/11/2019	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Renovación parque infantil R/. Templarios". Contratista adxudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total da certificación (IVE engadido): 38.895,73€.	
1932	20/11/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/86. (TERCEIRO: AUTOLAVADOS CORUÑA, SL - IMPORTE TOTAL: 233,02€ e máis).	
1933	20/11/2019	Recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220190017517). (TERCEIRO: A.C.F. - IMPORTE TOTAL: 64,00€).	
1934	20/11/2019	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/85. (TERCEIRO: AUTOLAVADOS CORUÑA SL - IMPORTE TOTAL: 40,50€ e máis).	
1935	21/11/2019	Denegación a J.M.N.L. da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
1936	21/11/2019	Concesión a M.F.S. dunha ampliación no servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 10 horas á semana (agás festivos).	
1937	21/11/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 25-11-2019.	
1938	21/11/2019	Aprobación das bases que permitan regular a participación de figurantes infantís na Cabalgata de Reis do Concello de Culleredo de 2020.	
1939	22/11/2019	Acceso a D. Antón Prieto García, na súa cualidade de concelleiro do Grupo Municipal Popular de Culleredo, ao expediente con toda a información relacionada do EDUSI.	



Código do documento USG14I0017	Código do expediente USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE) 6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1940	22/11/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220190017868). (TERCEIRO: O.R.F.G. - IMPORTE TOTAL: 992,20€).	
1941	22/11/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago das facturas O/2019/89. (TERCEIRO: PUERTAS AFUERA COMUNICACIÓN AMBIENTAL Y CULTURAL SL- IMPORTE TOTAL: 1.210,00€ e unha máis).	
1942	22/11/2019	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/90. (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVICIOS XALO SL - IMPORTE TOTAL: 78,65€ e máis).	
1943	22/11/2019	Recoñecemento das obrigas e ordenación dos pagos das facturas O/2019/91. (TERCEIRO: TALLERES ARTEIXO SL - IMPORTE TOTAL: 605,00€ e unha máis).	
1944	22/11/2019	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Pavimentación en R/. Regueiro". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total da certificación (IVE engadido): 42.935,07€.	
1945	22/11/2019	Autorización Á ASOCIACIÓN ANHIDA CORUÑA do uso do local: despacho centro municipal A Escada. Actividade "Punto de información e atención personalizada" de luns a domingo no horario apertura centro do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2020 e un local máis.	
1946	23/11/19	Informe favorable solicitude J.M.S. autorización interurbana para exercer servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca FORD GRAND C-MAX, matrícula 4964KWJ de 5 prazas, núm. Identificación WF0WXXGCEWKD00023, en substitución do vehículo 0263HWC.	
1947	23/11/2019	Autorización do uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para REDE DE TELECOMUNICACIÓNS na R/ Campo 11 e R/ Regueira 3, na parroquia de Almeiras.	
1948	23/11/2019	Requirimento M.M.M.B. retirada vía pública vehículo matrícula 1961DLH, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1949	23/11/2019	Requirimento A.L.V.V. retirada vía pública vehículo matrícula C-7966BZ, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1950	23/11/2019	Requirimento O.M.L.S. retirada vía pública vehículo matrícula 3415FHC, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1951	23/11/2019	Requirimento Proyectos Zenale SL. retirada vía pública vehículo matrícula 9526BGD, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1952	23/11/2019	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para retranqueo CT na Corveira, parroquia de Rutis.	
1953	23/11/2019	Requirimento V.H.V. retirada vía pública vehículo matrícula C-7213-BX, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1954	23/11/2019	Requirimento E.L.P.P. retirada vía pública vehículo matrícula 2468BPV, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1955	23/11/2019	Declaración do desestimento da solicitude de R.C.P. de licenza de terraza para o café-bar "A Senra" situado na rúa A Senra e tramitación da devolución do aval formalizado o día 05-07-2018.	
1956	25/11/2019	Declaración P.C.P., empregada municipal (persoal laboral fixo), en situación administrativa de excedencia por interese particular desde o 08-01-2020 ata o 08-01-2025.	
1957	25/11/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados en 2019 (M.E.L.S. e unha máis).	
1958	25/11/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo de empregados municipais realizados no ano 2019 (F.U.T. e máis).	
1959	25/11/2019	Aprobación das indemnizacións por razóns de servizo, por desprazamentos en vehículo propio, realizados entre os meses de xaneiro a xuño de 2019. (C.M.F.R. e un máis).	
1960	25/11/2019	Concesión a membros do servizo de Emerxencias e Protección Civil dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados fóra da súa xornada de traballo. (S.L.N. e máis).	



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1961	25/11/2019	Requirimento I.A.I.A. retirada vía pública vehículo matrícula C7803BL, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1962	25/11/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno do día 26-11-2019.	
1963	25/11/2019	Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do día 28-11-2019.	
1964	25/11/2019	Concesión a M.C.R.C. dunha axuda económica para o pago de recibo de electricidade por importe de 232,94€ correspondente aos meses de xaneiro a outubro de 2019, para o pago do recibo de auga por importe de 199,16€ do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e máis.	
1965	25/11/2019	Requirimento A.M.E.P. retirada vía pública vehículo matrícula 5735JZM, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
1966	26/11/2019	Adxudicación da execución do alugamento de elementos decorativos de nadal 2019-2020 á empresa Iluminaciones Santiaguesas, SL, fixando o prezo en 59.616,70€, IVE engadido. 871,70€ con cargo á anualidade 2019 e 58.745€ con cargo á anualidade 2020.	
1967	26/11/2019	Autorización ONG MESTURA uso seguintes locais: Despacho no centro asociativo A Escada de luns a domingo horario apertura centro do 01-01-2020 ao 31-12-2020, sala usos múltiples na Escada martes e xoves de 9.00 a 14.00 do 01-01-2019 ao 31-12-2019 e máis.	
1968	26/11/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/88. (TERCEIRO: SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL, SA - IMPORTE TOTAL: 4.443,12€ e máis).	
1969	27/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago M.P.C.L. do recibo de auga por importe de 248,92€ do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, do pago do recibo de luz por importe de 489,91€ do período de xaneiro de 2019 ao 14 de outubro de 2019 e máis.	
1970	27/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago S.M.P.R. do recibo de auga do 3º trimestre de 2019 de Gestagua (49,17€) e 3º trimestre de 2019 de Emalcsa (28,02€), do recibo de electricidade do período do 05-12-2018 ao 07-01-2019 (41,81€) e máis.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1971	28/11/2019	Aprobación da certificación núm. 4 da obra "Conservación e acondicionamento da polideportiva de Tarrío". Contratista adjudicatario: GROMA OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido): 18.209,75€.	
1972	28/11/2019	Aprobación da certificación núm. 1 da obra "Reposición de beirarrúas no paseo marítimo". Contratista adjudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL. Total da certificación (IVE engadido): 81.797,39€.	
1973	28/11/2019	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal. Concepto: taxa entradas vehículos a través beirarrúas e reservas vía pública (modalidade reserva permanente horario limitado). Ano: 2019. Contribuinte: ASOCIACIÓN DAÑO CEREBRAL A CORUÑA. Ubicación: Irmáns Suárez Ferrín 3.	
1974	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago M.A.P. do recibo de auga por importe de 196,49€ correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019, pago recibo de luz por importe de 319,02€ correspondente ao período do 01-01-2019 ao 03-10-2019 e máis.	
1975	28/11/2019	Concesión a M.M.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos) e denegación a A.C.R. do servizo de Axuda no fogar.	
1976	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.G.R. do recibo de auga por importe de 203,73€ correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e do recibo de luz por importe de 431,95€ do período do 01-01-2019 ao 12-09-2019.	
1977	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a T.L.F.S. do recibo de luz por importe de 49,41€ correspondente ao período do 19-07-2019 ao 13-10-2019, pago recibo auga por importe de 54,50€ do 3º trimestre de 2019 e máis.	
1978	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a A.G.B. do recibo de gas por importe de 240€ correspondente ao período do 16-04-2019 ao 15-10-2019, pago recibo de auga por importe de 152,29€ do 2º e 3º trimestre de 2019 e máis.	
1979	28/11/2019	Baixa no servizo municipal de axuda a domicilio de M.M.N.	
1980	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.U.L.G. do recibo de auga por importe de 58,09€ correspondente ao 3º trimestre de 2019 e pago do recibo de luz por importe de 59,52€ do período do 03-07-2019 ao 08-10-2019.	
1981	28/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de transporte por importe de 35,35€ correspondente ao mes de setembro.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1982	28/11/2019	Concesión a R.D. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1050€.	
1983	28/11/2019	Concesión a R.M.V.R. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana (de luns a venres agás festivos).	
1984	28/11/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 15342/2019 e máis.	
1985	28/11/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 16817/2019 e máis.	
1986	29/11/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 03-12-2019.	
1987	29/11/2019	Delegación na concelleira, Marta M ^a Iglesias Becerra, do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.C.V.G. e J.L.A. o día 30-11-2019 ás 14.00 horas.	
1988	29/11/2019	Concesión a C.G.S. e M.C.B. do servizo municipal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos) e do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1989	29/11/2019	Concesión a J.P.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 2 horas á semana (agás festivos) e do servizo de Teleasistencia domiciliaria.	
1990	29/11/2019	Autorización do uso ASOCIACIÓN AGAELA dos locais: Despacho compartido centro municipal A Escada do 01-01-2020 ao 31-12-2020 (horario centro) e sala municipal Victoria Díaz Cabanela do 01-01-2020 ao 31-12-2020 de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.	
1991	29/11/2019	Autorización do uso a DISMACOR dos locais: Ximnasio centro municipal A Escada do 01-01-2020 ao 31-12-2020 os venres de 20.00 a 21.00 horas e da sala municipal Pintora María Cagiao do 01-01-2020 ao 31-12-2020 todos os luns de 16.00 a 20.00 horas.	
1992	29/11/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/93. (TERCEIRO: LIMPEZAS E SERVICIOS XALO SL - IMPORTE TOTAL: 38.444,91€ e máis).	
1993	29/11/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/92. (TERCEIRO: ALIANZAS Y SUBCONTRATAS SA - IMPORTE TOTAL: 965,58€ e máis).	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
1994	29/11/2019	Concesión a E.H.R.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.	
1995	29/11/2019	Concesión a M.M.I.C. dunha axuda económica para pagamento de hipoteca por importe de 1075€.	
1996	29/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a S.G.F. do recibo de luz por importe de 13,15€ do período do 07-10-2019 ao 03-11-2019.	
1997	29/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.E.B.R. do recibo de auga por importe de 63,80€ correspondente ao 3º trimestre de 2019 e para o pago do recibo de luz por importe de 78,63€ do 04-08-2019 ao 31-10-2019.	
1998	29/11/2019	Anulación da liquidación practicada no 2º trimestre de 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o 2º tramo 0,66€/m3 (fuga de auga) a B.T.R.	
1999	29/11/2019	Concesión a A.R.A.S. dunha axuda económica para o pago do recibo de electricidade correspondente a 4 meses de 2019, pago do recibo de auga do 1º e 2º trimestre de 2019, Bono de alimentos tipo B e Bono de hixiene tipo A.	
2000	29/11/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do recibo de bono de transporte por importe de 56,53€ correspondente ao mes de outubro de 2019.	
2001	29/11/2019	Concesión a A.M.V.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075€.	
2002	29/11/2019	Asunción da cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado E.G.A.	
2003	02/12/2019	Aprobación expediente contratación obra "reforma del simisótano del centro cívico para uso como zona cultural, emplazado en Avda. De Fonteculler, Ayuntamiento de Culleredo, A Coruña" incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Culleredo Vivo	
2004	02/12/2019	Aprobación expediente contratación obra "Mejora y adecuación en el centro social de Celas" incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Culleredo Vivo.	
2005	03/12/2019	Delegación na concelleira da Corporación D. ^a Marta M ^a Figueroa Fuentes do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.P.B.D. e D.V.G. o día 07-12-2019 ás 13.00 horas.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2006	03/12/2019	Delegación na concelleira da Corporación D. ^a Maria Penélope López Díaz do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre K.V.S.B. e F.O.F. o día 06-12-2019 ás 12.00 horas.	
2007	03/12/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (NOVEMBRO 2019).	
2008	03/12/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (NOVEMBRO 2019).	
2009	03/12/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (OUTUBRO 2019).	
2010	03/12/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (OUTUBRO 2019).	
2011	03/12/2019	Validación baixa inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (SETEMBRO 2019).	
2012	03/12/2019	Validación inscricións varias no Padrón Municipal de Habitantes (SETEMBRO 2019).	
2013	03/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e ordenación do pago do gasto "Dietas asistencia comisión valoración proceso selectivo". (Selección dun/dunha técnico/a de turismo).	
2014	04/12/2019	Constitución do tribunal médico para examinar a solicitude e a documentación aportada por J.M.G.V. para o pase á segunda actividade.	
2015	04/12/2019	Autorización do uso da planta baixa do Centro Social "Nosso Lar" para a realización dos ensaios todos os luns e mércores de 18.00 a 22.00 horas desde o 01-01-2020 ao 31-12-2020 á CORAL "A FONTE DO SOUTO".	
2016	04/12/2019	Requirimento M.G.R. retirada vía pública vehículo matrícula 0666BKV, de non cumprir o indicado ditarase resolución, se procede, autorizando traslado Centro Autorizado Tratamento Vehículos para posterior destrución e descontaminación.	
2017	04/12/2019	Autorización á ASOCIACIÓN ABRENTE DA COMUNID. INMIGRANTES DA PONTE PASAXE do uso dun espazo na sala de asociacións do centro municipal asociativo A Escada no horario de apertura do centro.	
2018	04/12/2019	Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Reposición de beirarrúas no paseo marítimo". Contratista adjudicatario: IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL. Total da certificación (IVE engadido): 28.364,70€.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2019	04/12/2019	Outorgamento da licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 150 a R.R.M.	
2020	04/12/2019	Concesión a J.I.M. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de 5 horas á semana (agás festivos).	
2021	04/12/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 7772/2019.	
2022	05/12/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 09-12-2019.	
2023	05/12/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/94. (TERCEIRO: COMUNIDAD PROPIETARIOS PARQUE EMPRESARIAL ALVEDRO - IMPORTE TOTAL: 579,79€ e máis).	
2024	05/12/2019	Complementación da resolución núm. 1939/2019	
2025	05/12/2019	Levantamento do reparo UIT13I00UU que formula a Intervención municipal xeral e orde de continuación coa tramitación do expediente (concesión dunha gratificación por servizos extraordinarios realizados por M.V.G.G.).	
2026	05/12/2019	Declaración da situación legal de ruína da edificación con referencia catastral 9632710NH4993S, situada na rúa Concello parroquia de Culleredo e requirimento ao propietario da edificación para que proceda a súa demolición.	
2027	05/12/2019	Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Renovación de camiños e vías municipais" a favor da empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, polo importe de 94.311,14€.	
2028	05/12/2019	Corrección erro detectado na resolución núm. 874/2014.	
2029	09/12/2019	Aprobación das listas definitivas dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección de mestres/as para impartir os módulos formativos das especialidades AFD exercicio 2019-2021.	
2030	09/12/2019	Inicio expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico. Expediente: 14399/2019 e máis.	
2031	10/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a J.D.V. do recibo de luz por importe de 83,57€ correspondente ao período do 04-08-2019 ao 31-10-2019.	
2032	10/12/2019	Aboamento a M.V.G.G. da cantidade correspondente ás horas realizadas fóra da súa xornada habitual de traballo durante os meses de xaneiro a abril de 2019.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2033	10/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a C.L.S. do recibo de luz por importe de 40,79€ correspondente ao período do 10-08-2019 ao 12-09-2019, pago do recibo de gas de 35,51€ do período do 09-08-2019 ao 09-10-2019.	
2034	10/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a S.M.P.R. do recibo de electricidade correspondente ao mes de outubro de 2019 (33,54€).	
2035	10/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a D.D.F.T. do pago do recibo de transporte por importe 52,32€ correspondente ao mes de novembro de 2019.	
2036	10/12/2019	Concesión a E.S.V. dunha axuda económica para o pago de recibos de comunidade por importe de 612€ correspondente a doce meses de 2019, pago recibo de electricidade correspondente a 4 meses do ano 2019 e máis.	
2037	10/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.J.S.T. do recibo de electricidade correspondente ao período do 9 de xullo ao 8 de agosto (18,63€), do 8 de agosto ao 9 de setembro (18,28€) e máis.	
2038	12/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago de facturas varias (G.F.G. - 540,02 € e máis).	
2039	12/12/2019	Recoñecemento das obrigas e ordenación do pago das facturas que se especifican O/2019/99 (TERCEIRO: COMMUNITY CREATIVIDAD Y COMUNICACIÓN SL - IMPORTE TOTAL: 4.114,00€).	
2040	12/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a N.M.V. do recibo de auga por importe de 182,82€ correspondente ao período do 1º, 2º e 3º trimestre de 2019 e máis.	
2041	12/12/2019	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e ordenación do pago das facturas incluídas na relación O/2019/97. (TERCEIRO: BANCO DE SABADELL - IMPORTE TOTAL: 3,63€ e máis).	
2042	12/12/2019	Aprobación do expediente para a contratación do "suministro e instalación de luminarias como medida de mejora de eficiencia energética y medio ambiente en Rúa Liñares (PMA-COMPLEMENTARIO 2016)".	
2043	12/12/2019	Persoamento en nome do Concello de Culleredo, como demandado, ante o Xulgado do contencioso-administrativo núm. 2 da Coruña, no PROCEDIMIENTO ORDINARIO 206/2019.	
2044	12/12/2019	Comunicación ao Xulgado do Social núm. 1 da Coruña a habilitación de M.N.F.B., xefe da asesoría xurídica do Concello de Culleredo, como representante letrado do mesmo no acto de conciliación. (DESPIDO/CESES EN GENERAL 873/2019, demandante M.P.L.).	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2045	12/12/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago da factura que se especifica (Operación 220190019194). (TERCEIRO: LOMAR VIAXES SL - IMPORTE TOTAL: 17.595,00€).	
2046	12/12/2019	Aprobación do expediente para a contratación do deseño, produción e aluguer de 6 carrozas para a cabalgata de Reis do día 5 de xaneiro de 2020.	
2047	12/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.C.L.V. do recibo de luz por importe de 22,70€ correspondente ao período do 13-06-2019 ao 12-09-2019.	
2048	12/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a N.P.P. do recibo de auga por importe de 61,85€ correspondente ao 3º trimestre de 2019.	
2049	12/12/2019	Recoñecemento da obriga e ordenación do pago das facturas que se especifican na O/2019/96. (TERCEIRO: EXCAVACIONES Y OBRAS MELCOR SL-IMPORTE TOTAL: 45.451,28€ e máis).	
2050	12/12/2019	Recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura que se especifica (Operación 220190019174). (TERCEIRO: P.C.R. - IMPORTE TOTAL: 105,23€).	
2051	12/12/2019	Convocatoria de solicitude e adxudicación de prazas na actividade da Coral de Adultos do Conservatorio Municipal de Música para o curso 2020.	
2052	12/12/2019	Concesión a V.L.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.	
2053	12/12/2019	Concesión a M.D.G.G. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.	
2054	12/12/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do día 16-12-2019.	
2055	12/12/2019	Concesión a C.B.B. dunha axuda económica para o pago de alugueiro por importe de 1075,68€.	
2056	12/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.A.M. do recibo de auga por importe de 57,36€ correspondente ao 3º trimestre de 2019.	
2057	12/12/2019	Concesión a R.K.L.R. dunha axuda económica para o pago do recibo de alugueiro por importe de 990,00€.	
2058	12/12/2019	Concesión a N.P.V.L. dunha axuda económica para o pago do alugueiro por importe de 1050,00€.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2059	12/12/2019	Concesión a E.S.P. dunha axuda económica para o pagamento do alugueiro por importe de 1075,00€.	
2060	13/12/2019	Denegación a M.J.S.T. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2061	13/12/2019	Concesión a M.J.I.G.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2062	13/12/2019	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola Intervención xeral e avocación competencia para a adxudicación do contrato para a execución do servizo denominado "Servizo de transporte diario para as persoas matriculadas no Centro Ocupacional A Escada".	
2063	13/12/2019	Autorización á ASOCIACIÓN ALCER CORUÑA ao uso do local: Centro social asociativo A Escada, sala compartida, do 01-01-2020 ao 31-12-2020 de luns a domingo no horario de apertura do centro.	
2064	13/12/2019	Autorización a AFADIPS ao uso do local: Aula de habelencias, cociña e ximnasio do centro ocupacional A Escada, do 01-01-2020 ao 31-12-2020 en horario de 16.00 a 20.00 horas, agás os meses de xullo e agosto.	
2065	13/12/2019	Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Rehabilitación de pavimento en Vinxeira Grande". Contratista adxudicatario: CANARGA SL. Total da certificación (IVE engadido): 1.781,65€.	
2066	13/12/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/100. (TERCEIRO: LOMAR IMPRESORES SLU - IMPORTE TOTAL: 404,14€ e máis).	
2067	13/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.I.M.P. do recibo de auga por importe de 63,08€ do 3º trimestre de 2019, do recibo de luz por importe de 18,04€ do período do 16-06-2019 ao 16-07-2019 e máis.	
2068	13/12/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/98. (TERCEIRO: WOLTERS KLUVER ESPAÑA SA – IMPORTE TOTAL: 824,72€ e máis).	
2069	13/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago a M.D.R.S. do recibo de auga por importe de 115,24€ do 2º e 3º trimestre de 2019.	
2070	13/12/2019	Autorización do uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para red telecomunicaciones na R/ Campo 11 e R/ Regueira 3, parroquia de Almeiras.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2071	13/12/2019	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA dos terreos de dominio público municipal afectados para 2 acometidas subministro de gas natural na Av. Acea da Ma, 6-8 e Ramón Cabanillas 2-4-6, parroquia do Burgo.	
2072	13/12/2019	Autorización do uso especial por P.V.G. dos terreos de dominio público municipal afectados para conexión de pluviais á rede existente na R/ Unión, parroquia de Culleredo.	
2073	13/12/2019	Aprobación dos xustificantes incluídos na relación J/2019/3 e reposición das cantidades anticipadas. (TERCEIRO: S2816003D - IMPORTE TOTAL: 7,62€ e máis).	
2074	13/12/2019	Aprobación da certificación da medición final da obra "Fresado e reposición de pavimento na R/. Xoan Carlos I e Avda. de Cordeda", a favor da empresa CANARGA SL polo importe de 4.048,26€.	
2075	13/12/2019	Aprobación da certificación núm. 2 da obra "Renovación de pavimentos nas rúas As Brañas, Jorge Guillén e Avda. de Fonteculler", a favor da empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, SL, polo importe de 88.860,21€.	
2076	13/12/2019	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2019/95. (TERCEIRO: SANAL CONTROL MEDIOAMBIENTAL – IMPORTE TOTAL: 48,40€ e máis).	
2077	13/12/2019	Aprobación da devolución da fianza constituída por SIELVIGO SL por importe de 3.099,95€, en concepto de garantía definitiva do contrato: Reposición de columnas e luminarias en Paso Fernando II.	
2078	13/12/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 7013/2019	
2079	13/12/2019	Imposición sanción tráfico, expediente 10823/2019	
2080	16/12/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18-12-2019.	
2081	16/12/2019	Convocatoria á sesión extraordinaria do Pleno Municipal do día 19-12-2019.	
2082	16/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento da obriga e pagamento a favor de INSOJA SL da cantidade de 147.918,39€. (Resultado diferencia xusto prezo Xurado Expropiación Galicia e cantidade pagada terreos equipamento escolar zona Lavandeira).	
2083	16/12/2019	Concesión a J.C.M. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	

Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCIÓN	DATA	EXTRACTO	PLENO 26-12-2019
2084	16/12/2019	Concesión a A.M.A.S. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	
2085	16/12/2019	Concesión a J.T.B. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Peiro de Abaixo da parroquia de Veiga.	
2086	16/12/2019	Concesión da licenza solicitada por Bugallo Ponte SL para as modificacións que se introducen no "modificado do proxecto de execución de nave", o que supón unha modificación da superficie construída reducindo a mesma 19,27m2 (expediente 66/2006).	
2087	17/12/2019	Convocatoria á sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do día 20-12-2019.	
2088	17/12/2019	Corrección do erro detectado na resolución do 16-12-2019, relativa á convocatoria da sesión plenaria extraordinaria do 19-12-2019.	
2089	17/12/2019	Imposición sanción tráfico expediente: 7012/2019.	
2090	17/12/2019	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e ordenación do pago da factura (Operación 220190019475). (TERCEIRO: ASOCIACIÓN CULTURAL DITIRAMBO TEATRO CORUÑA - IMPORTE TOTAL: 580,00€).	

11.- MOCIÓNS URXENTES.

Non se presenta ningunha moción neste punto da orde do día.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que ten dúas cuestións, sendo a primeira unha pregunta sobre o protocolo de telecomunicacións da Xefatura Provincial de Telecomunicacións do Ministerio de Fomento pois lles informaron neste departamento que no mes de agosto comunicaron a todos os concellos un protocolo de solicitude de reclamacións colectivas en materia de telecomunicacións solicitando poñan en marcha esta ferramenta se existe e atendan á veciñanza de Boedo que xa pediu unha reunión para falar deste tema e se non teñen coñecemento dela que se poñan en contacto coa dita Xefatura para preguntar por ela.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a outra cuestión sobre a que queren preguntar é sobre a derruba que houbo en Fonte da Balsa pois xa tiñan avisado de que existía ese perigo nesa zona; que el ten unha noticia de xuño deste ano no que anunciaban o incremento de derruba de terreo e que no seu momento, en periodo electoral, en vísperas de eleccións, púxéronse alí uns paneis de obras e unha caseta de baldosas que se retiraron xusto despois das eleccións o que parece indicar un engano ou falta de respecto manifesto á veciñanza; que ten tamén outra noticia do 2013 que di que Culleredo ampliará o aparcamento en Fonte da Balsa a petición veciñal



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

solicitando ao equipo de goberno que se poña en marcha con esta cuestión pois puidera ser que calquera día houbera alí unha desgraza, preguntando que falta para que iso se poña en marcha pois desde o 2013, no que o Sr. Rioboo era responsable do departamento de obras, está sen facer; que o grupo político do BNG pretende ser positivo e, unha vez avaliada a situación, pide que se poña en marcha xa pois queda aínda moito inverno e teña en conta que o artigo 120 da Lei de Contratos do Sector Público di que “Cuando la Administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro o de necesidades que afecten a la defensa nacional, se estará al siguiente régimen excepcional:” pedíndolle que actúen canto antes e manden un técnico alí pois todos saben que iso está mal urbanizado polo urbanismo do Sr. Sacristán e agora estanse sufrindo as consecuencias e o monte chorrea auga; que poñan o informe a disposición da veciñanza de Fonte da Balsa cando estea elaborado porque lle está entrando barro continuamente nos seus garaxes e son eles os que teñen que pagar esas limpezas; que solicita tamén que reciban aos veciños de Fonte da balsa pois teñen un escrito presentado hai meses e aínda non os recibiron; que hoxe veuse no pleno unha mostra de participación veciñal e pide que se atenda tamén á veciñanza que non goza de cámaras.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que toman nota dese protocolo do Ministerio de Fomento e que a Alcaldía xa se atopa traballando neste sentido pero aclara que xa dixo o outro día que o problema de Boedo é debido a actos de vandalismo pois cortan a liña, atopándose a Garda Civil investigando este tema e que o equipo de goberno é coñecedor desta situación non só polos escritos dos veciños senón tamén polas estacións de bombeo que están conectadas telematicamente e saltan as alarmas cando se producen estes feitos; que de momento as forzas de seguridade non deron coa persoa ou persoas que protagonizan estes feitos pero de todos xeitos van tomar nota da suxerencia feita polo Sr. Chouciño.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención o Sr. Rioboo Castro e di que en Fonte da Balsa hai xa aprobado un proxecto co superávit do ano anterior e o desmonte feito foi para facer un estudo xeotécnico dunha obra que nestes momentos non se pode acometer porque os técnicos municipais así o aconsellan pois o que hai que facer é desmontar toda a pendente e tería unhas consecuencias moito peores que as protagonizadas na pasada fin de semana cando houbo unha alerta vermella que ocasionou moitas actuacións ao longo dos 62 km2 que o Concello de Culleredo ten.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que quere facer un rogo relacionado coa educación pois no mes de outubro presentaron unha moción para becas de comedores xestionados polas AMPAs e foi aprobada por unanimidade pero aínda non saíron; que lles dixeran que ía saír en novembro unha convocatoria de becas e vendo que non saían presentaron outra moción nese mes e o Sr. Alcalde lles solicitou que a deixaran enriba da mesa pois estaban a punto de saír unhas becas escolares que ía dar o Concello de Culleredo; que neste momento, a finais do mes de decembro, aínda non saíron, debendo ser Culleredo o único concello de toda a zona que non sacou becas nin para comedor nin para complementar as que ten a Xunta, solicitando do equipo de goberno que saque canto antes estas becas e teña en conta as aportacións feitas polo grupo político Popular na moción que deixaron enriba da Mesa no mes de novembro, solicitando información sobre que dotación van ter estas partidas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o tema das becas baséase nun regulamento, nunha ordenanza que ten que pasar uns determinados filtros e que xa pasou polo departamento de Asesoría Xurídica, estando remitido ou pendente de remisión á Xunta de Galicia para o seu exame e ver que cumpre toda a normativa; que nos vindeiros presupostos municipais cre recordar que vai unha partida duns 30.000 euros para este fin coa posibilidade de incrementala se fora necesario pola cantidade de solicitudes presentadas.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a voceira do grupo político Popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que ten unha segunda pregunta pois lle comunicaron do colexio Vila de Rutis que falta persoal de conserxería pola tarde e lle gustaría saber que pasa.

Código do documento USG14I0017	Código do expediente USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que a análise profunda sobre Educación a debería facer a Administración Autonómica de portas para dentro analizando moi seriamente esta situación porque a el lle parece un pouco surrealista vir ao Pleno a presentar cuestións relacionadas con becas ou con Educación cando o Partido Popular é o máis restritivo nesta materia na administración autonómica e son os que teñen a competencia.

Intervén a continuación a Sra. García Gorostizu e di que este tema xa se falou noutras ocasións e que tiveron que demostrar con informes PISA que Galicia é un referente en equidade educativa moi por enriba de comunidades gobernadas polo grupo socialista durante anos.

Responde o Sr. alcalde-presidente dicíndolle á Sra. García Gorostizu que a quenda de rogos e preguntas non é susceptible de debate e que el se limita a responder ao que ela pregunta e que o equipo de goberno cumpre no que respecta ás competencias que o Concello ten asignadas, e no que respecta aos centros de educación infantil, nos que, entre comiñas, o Concello ten a obriga de ter conserxes, é algo moi discutible pois incluso o propio delegado territorial di que ás veces vai a vontade dos propios concellos, sendo a vontade do equipo de goberno, coas contratacións que se prevén facer nun futuro, garantir esa cobertura durante a escolarización dos nenos, sendo reiterado pola propia Consellería que o Concello de Culleredo, xunto co de Oleiros, son dos que mellor traballan o tema escolar.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que quere preguntar polas árbores que hai plantadas na avenida de Fonteculler que están nunha situación propia de arrancalas e poñer unhas novas.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde-presidente dicindo que o que ocorre é que hai árbores que son de folla perenne e árbores que son de folla caduca e os aí existentes son de folla caduca e que cando chegue a primavera lle medrarán as follas.

De seguido intervén de novo o Sr. Prieto García e di que con respecto ás beirarrúas que se están colocando hai un traxecto baixo a parada do autobús, xusto fronte ao "Día" en que hai unha zona moi estreita na que hai un macetero que impide o paso de cadeiras de rodas ou carritos de bebés polo que solicita o cambio de situación do dito macetero para que non impida ese paso.

Continúa a súa intervención o Sr. Prieto García e di que ten outra cuestión pois no último pleno trouxo varias críticas sobre a entrega e posta a disposición de expedientes que tiña solicitado e houbo un que si se puxo a disposición que é de Obras, Servizos e Medioambiente e foi comunicado por parte do Sr. Concelleiro pero houbo o pleno no tempo intermedio existente entre a posta a disposición e a recepción da comunicación polo que pide disculpas publicamente que son aceptadas polo Sr. Alcalde.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e corenta e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Vº e praxe,

O Alcalde-Presidente
(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente nesta data pola asesora
xurídica que actuou como Secretaria
accidental nesta sesión)


RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
27/01/2020 09:44

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG14I0017	USG/2019/259
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
6053 5R2T 2Q00 562R 0BNU	